



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES:

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

Xesús Santaló Ríos
(Representante do Colexio de avogados
de Pontevedra)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC de
Pontevedra)

Lorena Peiteado Pérez (Letrada da Xunta
de Galicia)

**VOGAIS REPRESENTANTES DOS VECIÑOS
DAS BOUZAS**

Carlos Reboredo Civeira
Juan Miguel Rozar Garnica

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria
adscrita ao Servizo Xurídico
Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:00 horas do día 30/11/2021 coa asistencia das persoas á marxe indicadas, reúnese, no 2º andar do edificio administrativo sito no nº 43 da Avda. María Victoria Moreno, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación do monte denominado "**As Bouzas**", solicitado a favor dos **veciños das Bouzas (Dozón)**

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro. Con data de entrada 12/04/2018, Carlos Reboredo Civeira, actuando en calidade de representante dos veciños da paraxe das Bouzas, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado As Bouzas, cunha superficie aproximada indicada na solicitude de 30,77ha.

Na solicitude de clasificación unicamente se identifican catro veciños do lugar que supostamente levan a cabo o aproveitamento consuetudinario do terreo, axuntando unicamente as follas descritivas e gráficas das parcelas pertencentes a dito monte, pero sen que se aporte en este momento, ningún documento a maiores xustificativo do aproveitamento comunal.





Nos folios 4-7 do expediente de referencia consta o Informe emitido pola Xefa do Servizo de Montes, onde se fai constar dous extremos:

a).- Que a planimetría permite identificar os terreos solicitados, unha parcela cunha cabida de 278.345 metros cadrados e a outra parcela, de 29.378 metros cadrados.

b).- Así mesmo faise constar, como aspecto relevante, que a parcela 36016A25300763 non está clasificada salvo un solape de 19057 metros cadrados coa comunidade de Zudreiro clasificación do ano 2015. E tamén na segunda das parcelas 36016A05300521, se indica que non está clasificada salvo un solapamento de 1191 metros cadrados coa mesma Comunidade anterior, de Zudreiro (clasificación de 2015). E xunto con este informe de 26 de abril de 2018, achégase o montaxe oportuno no que se pode albiscar este solape.

SEGUNDO: O Xurado Provincial de Montes en Man Común de Pontevedra, acordou, unha vez cumpridos os trámites pertinentes, en sesión de 03/07/ 2018, incoar o corresponde expediente de clasificación do devandito monte.

TERCEIRO: De conformidade co establecido no artigo 20 de Decreto 260/1992 solícita e recíbese informe preceptivo do Servizo de Montes, obrante no expediente administrativo de clasificación nos folios 16 e seguintes e emitido con data 30/10/2018 e así mesmo, mediante escrito de 13/07/2018, lémbbraselle ao representante dos veciños das Bouzas, solicitantes da clasificación, que deberán achegar canta documentación histórica e recente poida reunir referente aos montes na que se se funde a súa pretensión e na que se aprecie algún indicio de que ditos montes veñen sendo aproveitados en man común.

Entrando a valorar o Informe preceptivo emitido polo Servizo de Montes, son varias as cuestións a tomar en consideración, e que pasamos a transcribir de seguido:

- *"2.- Como indica o informe do xefe da sección de Topografía de data 26 de abril de 2018, na parte norte das parcelas 763 e 521, existe un solapamento de 2,02 ha co MVMC de Zudreiro, clasificado no ano 2015.*





- 3.-(...) A plantación de coníferas realizouse a través da Orde de 15 de xuño de 1998 de axudas a medidas forestais na agricultura, expediente 11360111/1998, a nome de José Alfredo Reboredo Mundín.

O único tratamento silvícola que se aprecia é unha poda no ano 2011 de unhas 15 has subvencionadas pola Orde de 28 de decembro de 20089 de axudas para o fomento da silvicultura en bosques no medio rural, a nome tamén de José Alfredo Reboredo Mundín," (Debendo destacar que esta persoa non aparece na relación de veciños que instan a clasificación do Monte as Bouzas).

E, en este apartado, tamén se indica que non se aprecian outros usos ou aproveitamentos forestais (cortas, leñas, toxo...). Pero si se puntualiza que existe un pastizal de 1,03 ha aproveitado por un particular que non é veciño do lugar de As Bouzas.

- No punto 5.- deste informe indícase expresamente que *"parte dos terreos están situados nos taludes da autovía AG-53."*
- E finalmente, no punto 7 faise constar que segundo os certificados catastrais a titularidade de ambas parcelas é "Monte Comunal de Veciños de Bouzas"

CUARTO: Con data 18/11/2018, o representante dos veciños das Bouzas, presenta escrito (folio 29 e seguintes) xunto ao que aporta informe de validación gráfica alternativa da Dirección Xeral de catastro e documentación referente ao Monte As Bouzas, consistente na fotografía de un cartel sobre unha suposta axuda económica recibida dos fondos FEADER, a nome de don José Alfredo Reboredo Mundín.

QUINTO: Con data 20/11/2018, a Xefa do Servizo de Montes, en informe obrante no folio 41 do expediente, sinala que no informe de validación catastral que se aporta polos solicitantes da clasificación, propónse unha modificación de ambas parcelas, de tal xeito que pasan a ter a seguinte cabida:

- .- Parcela 36016A25300763 un total de 257.117 metros cadrados
- .- Parcela 36016A05300521 unha cabida de 20.900 metros cadrados.

No informe sinálase que con estes novos perímetros xa non existen solapes coa clasificación do ano 2015 do Monte Zudreiro, e desaparecen os terreos solicitados ao norte da autoestrada AP-53, pero no lindeiro norte si se inclúe o camiño de





servidume que da acceso ao paso superior sobre a autoestrada AP-53.

SEXTO: Á vista da documentación presentada polos solicitantes e o informe do Servizo de montes, o monte obxecto do presente expediente, obedece á seguinte descrición:

Concello: Dozón

Parroquia: Sanguñedo

Nome do monte: As Bouzas

Cabida total : 27,802 Has (superficie solicitada polos veciños)

- 257.117 m² parte da referencia catastral 36016A25300763
- 20.900 m² parte da referencia catastral 36016A05300521

Estremas:

Norte

Polígono - Parcela Titulares

253 - 9000 Autoestrada

253- 757 CMVMC de Zudreiro

53 - 9000 Autoestrada

53- 43 José Alfredo Reboredo Mundín

53 -401 José Alfredo Reboredo Mundín

Sur

Polígono - Parcela Titulares

53- 427 José Antonio Rodríguez Presas

53- 429 Rosalía Mundín Fernández

53- 445 María Remedios Varela Vence

53- 490 Indalecio Reboredo, s/s

53- 491 Felicita Pérez García

53-489 María Celsa Zobra Enríquez

53- 487 Adelaida Esther Gutiérrez Calvo

53- 488 José Alfredo Reboredo Mundín

53- 486 José Crespo Civeira

53- 485 Raúl Fernández Otero

53- 484 María José Daparte Fernández

53- 458 José Crespo Civeira

53- 459 Raúl Fernández Otero

53-481 Francisco López Fernández

53- 460 María José Daparte Fernández

53- 461 Rosalía Mundín Fernández



53- 463 Francisco López Fernández
53- 480 José Antonio Rodríguez Presas
53-465 María López Fernández
53-478 José Crespo Civeira
53-9008 camiño

Leste

Polígono - Parcela Titulares
53- 46 José López López
53- 403 José Alfredo Reboredo Mundín
53-402 Rosalía Varela Cacheda
53- 508 Rosa Fernández López e outros
53- 504 María Remedios Varela Vence
53- 515 Rosalía Varela Cacheda
53- 514 Rosa Fernández López e outros
53-513 María López Fernández
53- 512 María Remedios Varela Vence
53- 509 Rosa Fernández López e outros
53- 498 Juan Ramón Varela Fernández
53- 497 María Remedios Varela Vence

Oeste

Polígono - Parcela Titulares
53- 9008 camiño
253 - 9005 camiño
253- 894 Felicita Pérez García
253- 471 Remedios Pájaro González
253- 9006 camiño
253- 748 Rosa Fernández López e outros
253- 470 Ramón García López
253- 746 Rosa Fernández López e outros
253-745 José López López
253-900 Amparo Varela Gutiérrez

SÉTIMO- O Rexistro da Propiedade de Lalín certifica con data 7/03/2019 que as fincas das que se solicita certificación non constan inscritas no referido Rexistro polo Concello de Dozón.

OITAVO: Con data 2/05/2019, e dentro do prazo de audiencia aberto en legal forma





no seo do presente procedemento, preséntase pola CMVMC de Sanguñero escrito de alegacións en contra da solicitude de clasificación, empregando como principais argumentos en contra, os seguintes (que indicamos a modo de resume):

- 1.- Que a comunidade que pide a clasificación composta polos veciños das Bouzas fai xa mais de 25 anos que deixou de existir, xa que ninguén vive na aldea das Bouzas, a cal se atopa en estado de abandono, engadindo que todas as casas ubicadas en este lugar están en estado ruinoso e que nin tan sequera existe vía de acceso á aldea.
- 2.- Defenden que lles corresponde a eles a defensa e xestión cautelar do Monte de As Bouzas, como consecuencia da desaparición da comunidade titular dende fai 25 anos.
- 3.- Por outra banda, negan que os solicitantes identificados no escrito inicial vivan no lugar de As Bouzas.

E por todo o anterior, interesan, na súa condición de "interesados lexítimos" a xestión cautelar do monte.

NOVENO: Con data de presentación en Rexistro da Xunta de Galicia, 7/6/2019, en contestación ás alegación anteriores, o representante dos veciños promotores do presente expediente, opóñense ao sinalado pola CMVMC de Sanguñedo indicando que:

- Non é certo que a Comunidade das Bouzas leve mais de 25 anos extinguida, senón que precisamente en eses anos é cando tivo o seu maior apoxeo e actividade, e fan mención a este respecto, a unha subvención do ano 1999 que recibiron da Consellería de Medio Ambiente, para levar a cabo unha plantación de 50 ha de monte en base a un proxecto presentado por dita Comunidade, aportándose como documento nº1 a aprobación de dita subvención e carátula do proxecto.
- .- Tamén se aporta como documento nº2 resolución da Consellería de Medio Rural pola que se aproba unha axuda en xullo de 2010 para fomento da Silvicultura en bosques no medio rural.
- .- E finalmente, apórtase un recibo do IBI do ano 2003 a nome do Monte Comunal de Veciños de Bouzas, Sanguñedo, Concello de Dozón.
- .- E polo que respecta ao indicado de contrario acerca de que hai unha serie de persoas que non habitan no lugar de Bouzas, os promotores afirman que se trata de





persoas comuneiras de Cardoufe e Eirelo , *"que nin constan , nin aparecen en momento algún , nin na solicitude de clasificación do monte nin en ningún outro documento do expediente, polo que nada teñen que ver"*.

DÉCIMO: Con data de Rexistro de Entrada, 20 de xuño de 2019, extemporaneamente, dona Isabel Portela Rodríguez, actuando en nome e representación da Sociedade Unipersoal "AUTOPISTA CENTRAL GALLEGA, CONCESIONARIA ESPAÑOLA SA", presenta escrito de alegacións indicando que os terreos obxecto de clasificación foron no seu día expropiados polo Ministerio de Fomento para a construción da AP -53 e esta sociedade é a beneficiaria da expropiación. (Aportan plano co que pretenden acreditar este extremo, sinalando a zona de servidume e zona de afección pola AP-53.

DÉCIMO PRIMEIRO: Mediante escrito de data 26 de xullo de 2019, presentado en Rexistro o día 7/8/2019, os promotores do expediente de clasificación, presentan escrito de alegacións no que , en contestación ao sinalado pola Sociedade "AUTOPISTA CENTRAL GALLEGA, CONCESIONARIA ESPAÑOLA SA", indican de xeito textual o seguinte:

"(...) La empresa aporta un plano general de la zona de dominio público, sin haber comprobado si la superficie solicitada de clasificación se corresponde o no con dicho límite de dominio público. Se aporta un plano donde se muestra que la superficie solicitada respeta la línea de dominio público del Ministerio de Fomento".

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Iº) O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra é o órgano competente para coñecer dos expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, de 10 de outubro.

IIº). De conformidade co artigo 1 do referido texto normativo , o artigo 1 do Decreto 240/1992 de 4 de setembro e o artigo 20 da nova Lei de Montes de Galicia, 7/2012 de 28 de





xuño, compre entender por monte veciñal en man común:

Artículo 1.

Son montes vecinales en mano común y se regirán por esta Ley los que, con independencia de su origen, sus posibilidades productivas, su aprovechamiento actual y su vocación agraria, pertenezcan a agrupaciones vecinales en su calidad de grupos sociales y no como entidades administrativas, y se vengan aprovechando consuetudinariamente en régimen de comunidad sin asignación de cuotas por los miembros de aquellas en su condición de vecinos.

Así pois, de acordo coa propia dicción literal deste artigo e a prolixa xurisprudencia existente na materia, o feito que determina a clasificación ou non como veciñal do monte en cuestión é a circunstancia de terse acreditado de forma sólida e fidedigna o aproveitamento consuetudinario en man común pola agrupación veciñal, ao marxe das cuestión relativas á titularidade dominical e demais dereitos reais.

IIIº).- Extrapolando o concepto e esixencias que se condensan na normativa analizada ao caso concreto, e tomando en consideración moi especialmente as observacións que se condensan no informe emitido polo Servizo de Montes e Industrias Forestais relativas ao aproveitamento e uso do monte, así como o Informe de data 20/11/2018, emitido ad hoc pola Xefa do Servizo de Montes, sobre alteración da cabida das parcelas , e demais documentación aportada polos propios promotores (relacionada no antecedente de feito sétimo) pódese colixir que queda acreditado de xeito suficiente o aproveitamento consuetudinario con carácter exclusivo sobre as parcelas respecto das cales se solicita a clasificación, Monte das Bouzas.

É certo, que poderían considerarse como elementos de dúbida respecto desta conclusión a favor da clasificación o feito de que existan alegacións en contra por unha CMVMC estremeira e interesada na xestión das parcelas, pero a xuízo desta Instrutora e dos restantes membros do Xurado, tales dúbidas quedan disipadas dende o mesmo instante en que non se achega proba algunha de que eles fagan un aproveitamento sobre tales parcelas, nin aporten documentos que fagan desmerecer a postura dos veciños das Bouzas; razón pola cal sí se toman en consideración pero sen que teñan a entidade suficiente para facer cambiar o criterio mantido, máxime cando os promotores do expediente si aportan





documentos relativos ao uso e disfrute do monte.

En canto ao afirmado de que na aldea de Bouzas non vive ninguén, salientar que tal manifestación queda desvirtuada mediante a presentación do certificado de residencia do promotor do expediente emitido polo secretario do concello.

Polo que respecta ás alegacións presentadas tamén en contra pola empresa ACEGA, ademais de ser extemporáneas, o certo é que unicamente se basean nun plano que entra en colisión co plano presentado cos promotores acerca da invasión do dominio público, polo que, tampouco pode ser acollida. E a isto debemoś engadir ademais que por parte do Ministerio de Fomento, debidamente emprazado, non se fixo ningunha consideración ao respecto, como tampouco polo Concello de Dozón, nin a favor nin en contra.

Entendemos, en definitiva, que concorren elementos suficientes á hora de poder considerar o Monte as Bouzas como un monte veciñas e propoñer a clasificación do mesmo como MVMC a favor dos promotores.



En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, de 4 de Setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, o Xurado por unanimidade acorda : **A CLASIFICACIÓN do MONTE AS BOUZAS a favor dos veciños das Bouzas,** ao reunir os requisitos esixidos no artigo 1 da Lei 13/1989, de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito sexto conforme a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e que forma parte inseparable da presente resolución (Informes validación gráfica CSV: P70Q0N3M18TS8A7X e CSV EY1NMXBF9P1CVHS9)

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e nos





artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

122 bis 6

574800

575100

575400



4715700

4715400

4715100

4714800

4715700

4715400

4715100

4714800

CMVMC de Zudreiro
Clasificación 2015, Parcela C

CMVMC de Zudreiro
Clasificación 2015, Parcela A

25,712 ha.
IVG (Catastral):
P70Q0N3M18TS8A7X

2,090 ha.
IVG (Catastral):
EY1NMXBF9P1CVHS9

CMVMC de Zudreiro
Clasificación 2009, Parcela F



		XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Depart. Territorial de Pontevedra Servizo de Montes	
Clasificación do monte As Bouzas					
CMVMC de Bouzas. Concello de Dozón.					
Pontevedra		Escala 1:3.000 (etrs-89)		Dec - 2021	

574800

575100

575400